



ANEXO IV. AUTORIZACIÓN E COMPROMISO DE USUARIO/A

Don/dona _____, con DNI _____ e domicilio a efectos de notificación en _____, no concello de _____ da provincia de Lugo e número de teléfono _____ beneficiario/ do Servizo de Telesistencia Social no Fogar dependente da Excma. Deputación Provincial de Lugo:

AUTORIZO á Excma. Deputación Provincial de Lugo para:

- a) A utilización de todos aqueles datos de carácter persoal (incluídos os socio-sanitarios) facilitados á Deputación de Lugo coa presentación da solicitude. Estes datos quedarán baixo a custodia do Servizo de Benestar, arquivados nun ficheiro informático, e serán tratados de maneira confidencial, nos termos previstos na Lei Orgánica 5/1999, de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.
- b) A instalación no seu domicilio do terminal de telesistencia (TTD), que será conectado á rede eléctrica e á liña telefónica, e para o cal permitirá a entrada do persoal da empresa adjudicataria do servizo de telesistencia.
- c) Así mesmo, permitir a entrada no seu domicilio do persoal da empresa adjudicataria cando se produza calquera incidencia no servizo (interrupción temporal da sinal da UCR por causas diversas; sinais repetitivas; avaría do aparato, etc), facilitando unha rápida xestión. O persoal da empresa realizará a instalación procurando a menor intromisión posible no dereito a intimidade persoal do usuario.
- d) Autorizar á (s) persoa(s) designada(s) na solicitude, sexa usuario-beneficiario con UCR ou sen UCR, para que dispoña dunha copia das chaves da súa vivenda, para permitir o acceso ante posibles situacións de emerxencia.

COMPROMÉTOME a:

- a) Usar de xeito adecuado o equipo de telesistencia, procurando o seu bo estado, e a manter operativa a liña telefónica.
- b) Comunicar ao Concello ou á Deputación de Lugo calquera incidencia no correcto funcionamento do sistema.
- c) Comunicar calquera variación nas circunstancias persoais ou sanitarias que motivaron á concesión do servizo; en especial comunicar as ausencias do domicilio (*as ausencias superiores a 1 mes conlevarán a suspensión temporal do servizo*).
- d) Colaborar nas probas periódicas ou revisións que a Deputación Provincial de Lugo ou a empresa adjudicataria poidan realizar coa finalidade de asegurar o correcto funcionamento do equipo e do servizo.

DECLARA BAIXO A MIÑÁ RESPONSABILIDADE:

NON TER RECOÑECIDA DEPENDENCIA no marco da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

TER UNHA PERSOA DE CONTACTO DESIGNADA para poder ser beneficiario do servizo, que facilitarei cando así se me solicite, entendendo que de non facelo entendo por desistido o meu dereito adquirido.

En _____, a ____ de _____ de 201__.

Asdo.: _____